

Xardín da vila de Padrón



Imaxe: Manuel Casal Gómez

Descripción

Xardín do século XIX, construído nun predio da calzada romana pertencente aos Condes de San Xoán. Foi construído seguindo os modelos característicos da época, mesturando estilos italiano, inglés e francés. O 11 de xaneiro de 1946 foi declarado monumento artístico, grazas sobre todo ao labor de Manuel Chamoso Lamas, naqueles tempos Comisario do Servizo da Defensa do Patrimonio Nacional. Pouco despois as distintas especies botánicas presentes no xardín foron clasificadas e inventariadas científicamente por primeira vez na súa historia polo Inspector Xeral de Montes Rafael Arzes Vidal. Ademais levouse a cabo a primeira rotulación das árbores e especies más salientables.

Conta con numerosas especies arbóreas e exemplares únicos como o carballo fastixiado (*Quercus robur Fastigiata*), a coroa de Cristo (*Cercis siliquastrum*), a palmeira do Senegal (*Phoenix reclinata*), dúas sequoias vermellas (*Sequoia sempervirens*) dedicadas a Rosalía de Castro e a Macías O Namorado, o castiñeiro de Indias (*Aesculus hippocastanum*), a árbore do Coral (*Erythrina crista-galli*), unha árbore drago (*Dracaena draco*) ou os pradairois (*Acer pseudoplatanus*) que conforma o paseo central do xardín. Ademais, conta cunha

figueira filla doutra orixinaria da Casa-Museo de Rosalía de Castro. Varios destes exemplares están incluídos no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras: o castiñeiro das Indias (4A), a coroa de Cristo (29A), o carballo fastixiado (91A), a palmeira do Senegal (14F) e as dúas sequoias vermellas (97A).

Na entrada, á dereita, o busto de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, agasallo do pobo de Rianxo á vila de Padrón. Segundo o paseo central, a escultura do trovador medieval Macías O Namorado, fronte á sequoia onde se di que escribía Rosalía de Castro. Preto desta, baixo a Árbore dos Namorados, houbo durante decenas de anos un modesto banco de madeira onde as parellas de namorados dábanse cita para os seus romances e onde se agochaban os rapaces padroneses para axear ás parellas que alí se daban encontro. Fai moitos anos alguén o retirou e Padrón estivo moito tempo sen este importante símbolo. Mais no ano 2010, baixo unha iniciativa popular liderada polo escultor padronés Fernando Castaño conseguiuse restituír. Tras tres meses de traballo, o escultor esculpiu unha orixinal talla en madeira adornada con motivos relacionados e con ideas aportadas por todo o pobo. O banco foi exposto nun comercio dunha esquina da Praza do Fiado, actual Praza de Macías, até acadar a cantidade necesaria para producilo en bronce, grazas ás aportacións dos veciños. Desde febreiro de 2011 o espazo volveu lucir o mítico Banco dos Namorados.

INFORMACIÓN	
TIPOLOXÍA	Arquitectura civil
CRONOLOXÍA	Século XIX
CONCELLO	Padrón
PARROQUIA	Santiago de Padrón
REFERENCIAS	<p>Guía de árbores senlleiras de Padrón Padrón Turismo https://www.padronturismo.gal/wp-content/uploads/2020/07/guia-arbores-senlleiras-padron.pdf</p> <p>Galician Garden https://galiciangarden.com/item/jardin-botanico-de-padron/</p> <p>Patrimonio Galego http://patrimonioagalego.net/index.php/89236/2016/09/sequoias-vermellas-do-xardin-botanico-de-padron/</p> <p>Padrón Turismo</p>

(<https://www.padronturismo.gal/wp-content/uploads/2020/07/folleto-jardinbotanico-gl.pdf>)

XEOLOCALIZACIÓN

COORDENADAS	42.738714654711 , -8.6581391372963
--------------------	------------------------------------



* Información obtida da páxina web obaixoulla.gal. Xeolocalización a partir da información de mapas.xunta.gal.